

## PENETRACIÓN ANAL

A penetración anal sempre produce microlesións (no ano e no pene) e supón un alto risco de transmisión do VIH e outras infeccións de transmisión sexual (ITS). O VIH está presente tanto no seme como no sangue; xa que logo, a transmisión do VIH pode ocorrer sen que exista exaculación pola presenza de sangue. O risco de infección por VIH existe tanto para o que penetra como para o que é penetrado, aínda que é maior para o segundo, e aumenta coa presenza de lesións xenitais e ITS.

Se tes unha penetración anal, receptiva ou insertiva, cun home do que descoñeces o seu estado serolóxico con respecto ao VIH ou sodes unha parella serodiscordante (un positivo e outro negativo ao VIH), usa correctamente un preservativo (desde o principio da penetración) xunto a un lubricante non graxo (solúble en auga). Os lubricantes graxos (cremas corporais, vaselina, manteiga, etc.) danan o preservativo e podería romperse.

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DO VIH/SIDA/ITS  
Teléfonos de información gratuita: 900 601 601 900 111 000  
[www.msc.es](http://www.msc.es)



---

---

---

---





**Nós gozamos seguros  
ti decides.**